

NARRATIVA

A outra cara da realidade

Dúas estreias de Docampo e Fernández Paz

Títulos: *A casa da luz* / *Noite de voraces sombras*.

Autores: Xabier P. Docampo / Agustín Fernández Paz.



Edita: Xerais.

A casa da luz e *Noite de voraces sombras*, falemos hoxe de dúas novidades de dous pesos pesados da literatura galega actual: Xabier P. Docampo e Agustín Fernández Paz. Novelas editadas en coleccións ("Sopa de Libros" e "Fóra de Xogo") para lectores novos, esas que os adultos necesitan aprender a ler, non é bon perder oportunidades para sentir, algo que, tanto Xabier como Agustín, dominan marabillosamente. O primeiro segredo é instalarnos no clima que vai gobernar o relato. *A casa da luz* presenta un grupo de amigos entre os que hai unha mente esperta que non quere perder ocasión para aprender, para saber máis, e un misterioso home, que non fala, cruzarase no seu camiño. *Noite de voraces sombras* presenta, pola súa banda, a unha rapaza que nos vai contar un suceso que cambiou por completo a súa vida e a súa maneira de ver a vida.

Docampo e Fernández Paz posúen ese oficio de grandes contadores, ese saber fiar a historia sen unha palabra que se saia de ton. *A casa da luz* presenta un grupo de amigos entre os que hai unha mente esperta que non quere perder ocasión para aprender, para saber máis, e un misterioso home, que non fala, cruzarase no seu camiño. *Noite de voraces sombras* presenta, pola súa banda, a unha rapaza que nos vai contar un suceso que cambiou por completo a súa vida e a súa maneira de ver a vida.

Docampo e Fernández Paz posúen ese oficio de grandes contadores, ese saber fiar a historia sen unha palabra que se saia de ton, seguindo a máxima segundo a cal a mellor maneira de contar unha historia consiste en non despistar, desconcentrar, a quen a le, coa maneira de contala. Dous títulos tamén unidos pola necesidade de aburatar, de abrir ocos para poder vivir, gardar a vida, sentila cando metemos a man dentro (*Noite de voraces sombras*), de abrir ocos que nos ensinen desde outro mundo como é este (*A casa da luz*). E dúas artes permiten abrir eses ocos, a literatura, a arte da palabra (*Noite de voraces sombras*) e a pintura, a arte da cor e da liña (*A casa da luz*).

A casa da luz é a historia de cinco amigos, que guiados por Pumaríño, aprenden a entrar nos cadros, a vivir, a sentir, o que representan. Iso dá lugar a que vivan unha apaixonante aventura onde coñecerán o pintor dos cadros, Duarte (quen lles lembra a beleza que hai na vida real, natural), e tamén atoparán un tesouro e terán que fuxir de gardas para poder regresar á casa. Entre tanto coñecerán á xente sen ás, xente escravizada, trasunto da xente real, porque a novela en ningún momento perde de vista



Xabier P. Docampo e Agustín Fernández Paz.

o plano real. O seu valor transcende o dunha bonita aventura máis, e faino desde o seu carácter metafórico. Á vez que se explica a arte explícase a vida, unha leva irremediabelmente á outra, púxose moito coitado en que fose así, cunha naturalidade e delicadeza remarcábeis. Evidentemente, a relación con *Aliencia no país das marabillas* é algo que a ninguén escapará, pero ollo, son novelas moi diferentes. *A casa da luz* ten unha rica personalidade propia, o lector logo deixará de pensar na obra de Lewis Carroll, levado polo dina-

mismo interior da novela de Xabier P. Docampo. Noque si partillan sorte é na tremenda plasticidade das dúas.

Nesta novela repleta de emoción, moi sensitiva e vital Xabier P. Docampo achou un auténtico filón, ese grupo de amigos entrando en cadros (hai tantos e de tantos estilos) é unha enorme fonte de posibilidades para futuras creacións, para futuras aventuras, e non só literarias, o cinema e o cómic son dúas plataformas ás que a novela de Xabier P. Docampo non debería pasar desapercibida.

■ AMOR E MELANCOLÍA

A de Agustín Fernández Paz é tamén unha desas historias chamadas de iniciación, que combina doses de terror psíquico, de melancolía e de amor, sen instalarse definitivamente en ningún deses ámbitos, a excepción da omnipresente melancolía. Sara, unha rapaza que vén de cumprir os dezaseis anos, relataranos o suceso que fixo mudar por completo a súa vida. Uns libros e manuscritos que atopará no seu novo cuarto tranelle unha personaxe insospetada, o tío Moncho, familiar que a penas coñecía máis que do sepiá das fotografías. E con el chegará unha tenra historia de amor, desde o recendo a pechado das cartas que el e Sara (a súa moza) se cruzan, desde o recendo aprisionado do diario furtivo do tío Moncho. Porque é unha historia de amor truncada, truncada pola sublevación franquista que remata por interferir na vida de Sara e por leva-la a adoptar unha posición solidaria. Unha historia finalmente de persecucións, de desesperanza e cárcere. Cárcere no que o tío Moncho ten que aburatar nas paredes para agochar o seu segredo, ese que despois quere-rán atopar Sara e a súa nai. Pero *Noite de voraces sombras* é tamén unha historia aberta, sen facer diso a súa misión fundamental, non renuncia a inducir a que, rematada a lectura, o lector se faga preguntas. ♦

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

- 1. RESISTENCIA.**
Rosa Aneiros.
Xerais.
- 2. AS VOCES DA NOTICIA.**
Xosé Monteagudo.
Galaxia.
- 3. UN TRANVÍA CARA A SP.**
Unai Elorriaga.
Galaxia.
- 4. PEL DE LOBO.**
Xosé Miranda
Xerais.
- 5. DIÁRIO COMBOIO.**
Raquel Miragaia.
Laivento.

NON FICCIÓN

- 1. NUNCA MÁIS.**
GALIZA Á INTEMPERIE.
Suso de Toro.
Xerais.
- 2. MULLER NO BAÑO.**
Manuel Rivas.
Xerais.
- 3. OS XOGUETES ESQUECIDOS.**
Xosé López e Xosé M. García.
A Nosa Terra.
- 4. TERRA DE ÍRIA.**
Anxo Angueira.
A Nosa Terra.
- 5. NAI ESPAÑA.**
Rafael L. Ninyoles.
Laivento.

Librerías consultadas:

Cartabón (Vigo). Couceiro (A Coruña). Michelena (Pontevedra).
Pedreira (Santiago). Souto (Lugo). Torga (Ourense).

XOSÉ M. EYRÉ